



DECLARACIÓN DO PRIMEIRO FORO DE MOZOS DE IBEROMAB

Nós, as mozas e os mozos da Rede IberoMAB, 89 representantes de 43 Reservas de Biosfera en 23 países,

Reunidos na Reserva de Biosfera Transfronteiriza Bosques de Paz (Ecuador e Perú) do 5 ao 8 de decembro de 2018 no primeiro Foro de Mozos de IberoMAB, co desexo de permitir á mocidade IberoMab, que participe nunha gobernanza horizontal, inclusiva e transparente relacionada con aspectos sociais, políticos, económicos, educacionais, culturais e ambientais onde se incida a mitigar os problemas e necesidades que enfrenta a xente nova das reservas de biosfera, involucrando as distintas entidades,

Manifestando o noso agradecemento á UNESCO a través do seu Programa sobre o Home e a Biosfera (MaB), os gobernos e puntos focais MaB de Ecuador e Perú, a Mancomunidade Bosque Seco, as Reservas de Biosfera Bosque Seco (Ecuador) e Noroeste Amotapes-Manglares (Perú), que conforman a Reserva Transfronteiriza Bosques de Paz, ao cantón Paltas, á Universidade Nacional de Loja a través do Centro Binacional de Formación Técnica Zapotepamba e ao equipo organizador pola súa hospitalidade e compromiso logrando que nos sentísemos como na casa,

Agradecendo especialmente ao Goberno de Flandes do Reino de Bélxica, á Fundación Abertis, ao Goberno de España a través do Organismo Autónomo Parques Nacionais (OAPN) e da Cooperación Española en Ecuador, Itaipú binacional, Universidade de San Francisco de Quito, Galapagos Conservation Trust e a todos aqueles que mediante o seu apoio financeiro fixeron posible este evento,

Recoñecendo que este foro foi unha excelente oportunidade para compartir e colaborar coa mocidade das Reservas de Biosfera de IberoMaB, o que nos permitiu formar unha visión colectiva para o futuro,

Entendendo que, a pesar de que procedemos de diversas orixes, coincidimos nos obxectivos e accións das Reservas de Biosfera, Rede IberoMAB e o Programa MAB,

Propoñemos as seguintes accións orientadas no marco da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, o Plan de Acción de Lima para o Programa sobre o Home e a Biosfera da UNESCO e a súa Rede Mundial de Reservas de Biosfera (2016-2025), os Acordos de Santa Marta da XVIII Reunión da Rede IberoMaB (Colombia, maio 2018) e a Declaración final do Foro de Mozos do Programa MaB de UNESCO (Reserva de Biosfera Delta Po, Italia, setembro 2017) e adoptamos a seguinte Declaración:

- 1.- Crear a Rede de Mozas de Reservas de Biosfera de Iberoamérica e o Caribe.
- 2.- Establecer equipos multidisciplinares de traballo baixo as tres funcións das Reservas de Biosfera (conservación, desenvolvemento e apoio loxístico) que sexan representativos da interculturalidade e do xénero.
- 3.- Apoiar a creación de propostas e plans de acción a nivel nacional que reforcen o desenvolvemento dunha axenda efectiva nas Reservas de Biosfera.
- 4.- Seleccionar de maneira democrática e con criterio de paridade, unha persoa representante da mocidade de cada Reserva de Biosfera e un persoa representante por país, para que participe de forma directa nos órganos de gobernanza das reservas de biosfera e da Rede IberoMab.
- 5.- Solicitar a presentación oficial da nosa rede, ante os mecanismos de UNESCO.
- 6.- Crear unha plataforma virtual para a mocidade de IberoMaB na que se inclúa información sobre proxectos, financiamento, oportunidades de educación, intercambios e investigación que permitan afrontar os retos da mocidade.
- 7.- Dar seguimento e apoio ao traballo da Rede de Mozas IberoMaB por parte da UNESCO.
- 8.- Xerar material de comunicación para difundir a importancia e o traballo das Reservas de Biosfera de IberoMaB.
- 9.- Impulsar o uso de plataformas virtuais e medios sociais como mecanismos de empoderamento para transmitir o valor das Reservas de Biosfera e a achega da mocidade.
- 10.- Promover o intercambio de saberes da xente nova a través de encontros participativos bienais e seminarios virtuais en todos os niveis.
- 11.- Contribuír e promover o coñecemento ecolóxico tradicional e as boas prácticas nas Reservas de Biosfera.
- 12.- Formar parte das iniciativas que fomentan o desenvolvemento da marca de Reserva de Biosfera nos diferentes países que conforman IberoMaB.
- 13.- Incidir ante as institucións na xeración de oportunidades de emprego e de emprendementos para a mocidade das Reservas de Biosfera de IberoMaB, que se atopen en congruencia cos valores do Programa MaB e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.
- 14.- Apoiar as accións e iniciativas que condenen os delitos contra o medio ambiente e a integridade de quen o defende; de maneira que se asegure a protección dos recursos naturais.

8 de decembro de 2018, Catacocha, Ecuador